


ALBERTE PAGÁN:

BS. AS.

COMO FOI O CONTO

ECLIPSE

BS. AS.



Bs. As. narra a historia dos familiares de Alberte Pagán na Arxentina. A narración oral e a lectura de e-mails serven como escusa para facer unha "sinfonía da cidade" de Bos Aires. Pagán evidénciase, o autor faise palpábel na enunciación, parte da súa historia familiar para retratar a cidade e facer unha reflexión sobre o paso do tempo.

Bs. As. É una película sobre Buenos Aires e a súa relación con Galicia, sobre a emigración, polo tanto.

COMO FOI O CONTO



Como foi o conto é un conto de nadal, cos seus misterios, intrigas e inesperado desenlace. Un conto de nadal contado desde un día de defuntos. Unha comedia sobre unha traxedia.

Como foi o conto é un ensaio sobre a arte de narrar, sobre como se estructura unha narración. Sobre a loita da narradora para sortear os múltiples impedimentos ofrecidos pola audiencia. Sobre a axuda da audiencia á hora de construir o relato, as rectificacións, as puntualizacións. Sobre o pracer da narración. É unha meditación sobre a utilización da historia como fonte do mito.

(Alberte Pagán)

ECLIPSE



O tempo pasa. A vida flúe. A natureza completa un ciclo enteiro de vida e morte. Eva e Adán reinterpretan e corrixen o mito da árbore da ciencia: a froita prohibida fainos sabios.

Entretanto a terra da unha volta arredor do sol, a cámara recolle unha sinfonía barroca de luces e cores. Non hai manipulación dixital: todos os efectos son producidos analoxicamente polo mecanismo da cámara.

(Alberte Pagán)

Galardóns

- Premio Internacional Romà Gubern de Cine-Ensaio 2006: Bs. As.
- Festival Internacional de Documentais Play-Doc 2007: Mellor Documental Galego: Bs. As.
- Festival Internacional de Documentais Play-Doc 2010: Mellor Documental Galego por Tanyaradzwa.

O director, Alberte Pagán (O Carballiño, 1965)

Alberte Pagán escribe sobre cine e fai películas, entre outras cousas. É autor de *Introducción aos clásicos do cinema experimental*, *Imaxes do soño en liberdade: o cinema de Eugenio Granell*, do capítulo dedicado ao cinema underground estadounidense no libro editado polo Festival de cine de Xixón *Dentro y fuera de Hollywood*, así como do ensaio *Residuos experimentales en Arrebato* aparecido no libro *Arrebato... 25 años*, editado pola filmoteca valenciana.

Entre as súas curtametraxes atopamos *Como foi o conto* (2004), *Os waslala* (2005), *Pó de estrelas* (2007), *Eclipse* (2010) ou a súa obra mais recente *Outras voces* (2011). As súas longametraxes *Bs. As.* (2006) e *Tanyaradzwa* (2008), foron ambas premiadas no festival Play-Doc de Tui.

Tamén é autor de *A voz do trevón. Unha aproximación a Finnegans Wake*, ensaio sobre a derradeira novela de James Joyce.